

Concello de Ames
Anuncio

INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN PATRIMONIAL RESPECTO DUN RUEIRO EN OUTEIRO, BUGALLIDO

Por Decreto desta Alcaldía núm. 24/2019, de 7 de xaneiro, resolveuse

“**Primeiro.** Iniciar expediente administrativo de investigación patrimonial do seguinte ben que se presume de propiedade municipal co fin de determinar a súa titularidade:

- Rueiro sito en Outeiro, Bugallido, lindante coas parcelas con referencia catastral 1247926NH3414N0001ZT, 1247927NH3414N0001UT, 1247928NH3414N0001HT, 1247929NH3414N0001WT.

Segundo.- Publicar o acordo de iniciación do expediente de investigación no Boletín Oficial da Provincia. Un exemplar de dito boletín exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Ames durante quince días.

Terceiro.- Dar traslado do acordo de iniciación do expediente á administración estatal e autonómica para que estas, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

Cuarto.- Notificar persoalmente aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

Quinto.- No prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro do Concello de Ames, poderán as persoas afectadas polo expediente de investigación alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.”

Ames, 9 de xaneiro de 2019

O alcalde

José M. Miñones Conde